

Probas selectivas para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo C2 convocadas por resolución reitoral do 15 de xullo de 2021, D.O.G. do 29 de xullo de 2021. probas selectivas para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo C2

CORRECCIÓN Á PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS QUE DEBERÁN REALIZAR O 4º EXERCICIO, PROBA PRÁCTICA DE ORDENADOR.

No marco da convocatoria de probas selectivas de acceso á escala auxiliar da USC, publicouse o día 11 de xullo de 2022 a relación de persoas aspirantes que deberán realizar o 4º exercicio, proba práctica de ordenador, ao non ter acreditado a documentación recollida nas bases 3.4.: “Certificado galego de competencias dixitais en ofimática (CODIX) ou cursos de formación en aplicacións de tratamentos de textos e follas de cálculo” coas condicións que se indican no anexo I da convocatoria.”

O 14 de setembro de 2022 publicouse unha corrección á publicación do día 11 de xullo para excluír tres aspirantes da relación das persoas que tiñan que realizar o 4º exercicio.

Na relación publicada o día 11 de xullo figuran as persoas aspirantes dona María José Lueiro Busto e don Francisco José Romero Alonso. Detectados erros materiais ao incluír ás citadas persoas nesa listaxe, resolvo:

De conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **excluír ás persoas aspirantes que se indican** da dita relación por estar exentos de realizar o cuarto exercicio, proba práctica con ordenador, toda vez que teñen acreditado ter presentado en tempo e forma, documentación da formación establecida na convocatoria para a exención deste exercicio.

- **Lueiro Busto, María José, DNI ***8141***
- **Romero Alonso, Francisco José, DNI ***3762***

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O reitor
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/10/2022 15:56:32.

CSV: 34E1-4E02-4E2A-B165